

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Gondomar para que se opte e proceda a execución subsidiaria e realice as actuacións oportunas para o cumprimento do acordado na Resolución de 27 de decembro de 2018 en relación aos deberes de conservación e mantemento da seguridade, salubridade, hixiene, habitabilidade e ornato da parcela interesada.

Expediente: F.11.Q/4585/20

Relacionada co exp. 259/20

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2021

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona ██████████ referente falta de resposta do Concello de Gondomar a solicitudes e peticións realizadas desde o ano 2017.

Ante iso requirimos información a ese concello que xa nola remitiu. No informe achegado sinálase o seguinte:

“1.- Resolución do 27.12.2018 pola que se ordena ao propietario da parcela con referencia catastral ██████████, ██████████ a execución, co obxecto de manter a mesma en condicións de seguridade, salubridade, hixiene, habitabilidade e ornato, as actuacións de limpeza da parcela, poda e tala de árbores, retirada de vehículos e materiais acumulados, outorgándolle un prazo de quince días para elo.

II.- Transcorrido o citado prazo e previa tramitación do oportuno expediente contradictorio, con data 2.10.2019 por Resolución da alcaldía deste Concello imponse ao interesado unha multa coercitiva no importe de 1000.-€ polo incumprimento do deber de manter en condicións de seguridade, salubridade, hixiene, habitabilidade e ornato, as actuacións de limpeza da parcela, poda e tala de árbores, retirada de vehículos e materiais acumulados na parcela da súa propiedade. Así mesmo, na citada resolución advertíase ao interesado de que a multa reiterarase polo concello no caso de que non se proceda ao cumprimento do ordenado ao abeiro do art. 136 da LSG e 336 do RLSG.

III.- Con datas 11.8.2020 e 30.10.2020 pola inspectora municipal de obras, e previa visita de comprobación, infórmase que a parcela encóntrase no mesmo deficiente estado de conservación. Significativo é ao respecto, o apartado primeiro do informe do 30.10.2020 cuxo teor literal é o seguinte.-

" Previa cita co denunciado "In situ" o día 30 de outubro e coa súa compañía accedo á parcela e a pé do predio comprobo o que a continuación se detalla.

Primeiro.- Cantidades, tipoloxías e calquera outro dato de interese de todos e cada un dos residuos que obran na parcela:

Unha furgoneta, contedores de lixo cor verde, caldeiros bacías de pinturas de cores branca e verde, plásticos de cores, lonas de cores verdes, laranxas, verdes, azuis, brancas, vermellas, portas de madeira, palíes de cores, escaleiras de ferro, tubos de plástico, tubos de formigón, cadeiras de xardín de cor branca, bañeiras, un lavadoiro, táboas e cascallos de madeira, bloques de formigón prefabricado, placas de fibrocemento, ladrillos, aros de formigón, barras de ferro, bidóns de plástico azuis e brancas, bidóns de ferro, restos de andamos de ferro, cestas de cor negro de froita con leña petada de ramas de pequenas árbores, barras de madeira, caldeiros cheos con restos de pedra, troncos de madeiras, rodas de coches, cristais rotos, botellas plásticas cheas de area, un portal de ferro apoiado no muro da denunciante, montículos de canas secas, raíces de árbores, placas de ferro, mangueriras e outros escombros de menor tamaño.

Observase tamén que a parcela continua con vexetación, formada por silvas e herbas altas..."

Consideracións Xurídicas:

Única.- O art.336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, establece que.-

"I. Las órdenes de ejecución son ejecutivas desde el momento en que se dictan. Efectuada la advertencia previa y transcurrido el plazo de ejecución voluntaria, en el caso de persistir el incumplimiento de la orden de ejecución, la Administración municipal procederá a la ejecución forzosa, respetando el principio de proporcionalidad, mediante ejecución subsidiaria o mediante la imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sin que en ningún caso puedan superar individualmente o en su conjunto el 75 % del coste de reposición de la edificación o de una nueva construcción con características similares, excluido el valor del suelo.

2.La imposición de las multas coercitivas se reiterará hasta lograr la completa ejecución de lo ordenado, salvo que la Administración competente opte, en cualquier momento, por la ejecución subsidiaria.

3.La Administración municipal también podrá acudir a la ejecución subsidiaria, de manera directa o a través de un agente edificador con capacidad y compromiso suficiente para asumir las responsabilidades previstas en el artículo 136 de la Ley 2/2016. de 10 de febrero, con la obligación de solicitar licencia de obra en el plazo de tres meses, a contar desde la fecha en la que esté resuelta la disponibilidad del terreno y tras la correspondiente expropiación del mismo (artículo 136.5 de la LSG).

La ejecución subsidiaria será a cargo de la persona obligada, sin perjuicio de lo previsto en el artículo 332.3, esto es, sólo en caso de que las actuaciones de obligado cumplimiento estuvieran dentro del límite del deber de conservación que les corresponde. Antes de ejecutar materialmente los actos que hubieran sido ordenados, podrá liquidarse provisionalmente el importe con vistas a su liquidación definitiva. Cuando la persona obligada no satisfaga voluntariamente las cantidades líquidas a las que está obligada, se exigirán por la vía de apremio".

Por canto antecede, elevase á Concelleira de Urbanismo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.-

Primeira.- Iniciar procedemento de imposición de nova multa coercitiva no importe de 2000.-€ a [REDACTED] polo incumprimento do ordeado con data 27.12.2018 en relación aos deberes de conservación e mantemento da seguridade, salubridade, hixiene, habitabilidade e ornato da parcela coa referencia catastral [REDACTED]

Segunda.- Outorgar ao interesado un prazo de 10 días para que, no seu caso, poida presentar alegacións, informes ou documentación que estime pertinentes en relación á devandita execución forzosa."

ANÁLISE

Pese ó informe remitido por ese concello e transcorrido prazo suficiente para a execución do solicitado polo concello ó interesado (limpeza da finca, sendo a ultima vez o 8 agosto do 2020 a proposta da inspectora municipal de obras á concelleira de urbanismo), a interesada neste expediente constata, e así nos lo comunica remitindo documentación gráfica, que ata data de hoxe (e pese o tempo transcorrido, outubro de 2020) a situación da finca colindante continúa igual que estaba desde que se presentou o primeiro escrito ante ese concello, continuando os graves problemas de insalubridade para ela e a súa familia e incumprindo a propia Resolución dese concello de data 27 de decembro de 2018, relativa a condicións de seguridade, salubridade, hixiene, habitabilidade e ornato, as actuación de limpeza da parcela, poda e tala de árbores, retirada de vehículos e materiais acumulados da parcela afectada.

Se ben e certo que por ese concello se iniciaron expedientes sancionadores de multas coercitivas para que o denunciado procedera o arranxo do problema, e tamén certo que polo implicado non se aboan por ser declarado insolvente, segundo nos comunica a interesada, entrando nunha dinámica que impide resolver o problema e mantén a grave situación plantexada sen procederse a alcanzar solución definitiva para a interesada e, ademais, consentindo ese concello que se incumpran as Resolucións adoptadas e ditadas por vostede desde o ano 2018, o que da lugar a unha situación para ese concello cando menos anómala.

Por outra banda, e como recoñece nos seus informes ese concello, vostede ten a facultade de realizar a execución subsidiaria das actuacións precisas para proceder a solución deste grave problema e repercutindo despois os gastos contra o titular da finca denunciada e de non ser satisfeitos acudir a vía de apremio.

Por último, de acordo co establecido no art.336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, as ordes de execución son executivas dende o momento en que se ditan. No suposto de persistir o incumprimento da orde de execución a administración procederá a execución forzosa mediante execución subsidiaria o mediante imposición de multas coercitivas. Continua o citado artigo sinalando que a imposición de multas coercitivas se reiterara ata lograr a completa execución do ordenado *salvo que a administración competente, neste caso ese concello opte, en calquera momento pola execución subsidiaria.*

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Que, de acordo co establecido no art.336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, se opte e proceda a execución subsidiaria e realice as actuacións oportunas para o cumprimento do acordado na Resolución de 27 de decembro de 2018 en relación aos deberes de conservación e mantemento da seguridade, salubridade, hixiene, habitabilidade e ornato da parcela interesada ”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.



Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo